

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEBUXO TÉCNICO I - 1º BACH

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1ª e 2ª avaliación

- Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe imprescindibles para o reforzo da primeira e segunda avaliación serán os mesmos que os mínimos especificados na programación anual da materia.

3ª avaliación

Criterios de avaliación correspondentes á terceira avaliación	Estándar de aprendizaxe correspondentes á terceira avaliación
B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexa amosar e dos recursos dispoñibles.	DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoño as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.
	DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).
	DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.
B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoño de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.	T1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.
B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoño a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados.	DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.
	DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.
B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.	DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.
	DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.
	DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas.
B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.	DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación.

B 3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos.	DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.
	DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.
	DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.
	DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.
	DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocos mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Levaranse a cabo diferentes tipos de avaliación, como a autoavaliación, a coevaluación e a heteroavaliación con corrección individual de tarefas, prestando especial atención á retroalimentación na aprendizaxe co fin de acadar os estándares competenciais traballados na terceira avaliación de xeito online mediante videoconferencias e do reforzo específico para os alumnos con avaliacións pendentes. Os alumnos entregarán, por medio da plataforma educativa Moodle do Centro ou mediante correo electrónico, as tarefas prantexadas. Os alumnos con avaliacións pendentes realizarán tarefas específicas onde terán a oportunidade de traballar os estándares de aprendizaxe da avaliación suspensa e así poder recuperalas. Instrumentos: As tarefas prantexadas serán avaliadas mediante listas de cotexo, ou por avaliación directa facendo tamén control do seguemento da materia por parte dos alumnos a través das videoconferencias, a plataforma e dos foros correspondentes. O traballo específico para alumnos con avaliacións pendentes será avaliado mediante avaliación e corrección directa dos traballos elaborados e previamente presentada aos alumnos.
Cualificación final	- En caso de ter aprobadas a primeira e a segunda avaliación: a cualificación final será o resultado de sumar, á media entre a primeira e a segunda avaliación, ata dous puntos correspondentes á adquisición das competencias e estándares de aprendizaxe acadados durante o terceiro trimestre mediante a participación nas clases online, o seguemento e realización correcta das tarefas encomendadas. A cualificación será segundo os criterios explicados aos alumnos nas sesións online. - En caso de ter suspensa unha ou as dúas avaliacións: o alumno poderá recuperar, e superar a materia, se coa súa nota media de esas avaliacións, máis un máximo de dous puntos, correspondente a cualificación do traballo específico do terceiro trimestre acada como mínimo o

	cinco. Se non acadara dese xeito o aprobado a nota do reforzo específico contaríase o 100% da cualificación da avaliación superando a materia se acadara como mínimo o cinco e non podendo obter máis dun seis na súa cualificación, nota que podería subir, ata un máximo de dous puntos máis, se a maiores do traballo específico de recuperación realizase, de forma voluntaria, o traballo de ampliación e seguimento da materia no terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Os alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria de Xuño, terán que realizar un traballo específico durante o verán dos contidos da primeira e segunda avaliación que contará un 50% (avaliados mediante lista de cotexo) xunto outro 50% correspondente a unha proba escrita presencial (ou online de non ser posible) no mes de Setembro ambas corrixidas mediante cualificación directa.
Alumnado de materia pendente de cursos anteriores	Non aplica

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Dada a importancia dunha boa preparación desde o punto de vista competencial para todo o alumnado, se facilita o acceso a actividades e tarefas online mediante a plataforma educativa Moodle do Centro, acompañadas de clases online por videoconferencia, seguimento e consulta de dúbidas co profesor mediante foros ou mediante correo electrónico, para ampliar, na medida que sexa posible, a adquisición das competencias básicas da materia atendendo aos estándares imprescindibles de aprendizaxe establecidos ao principio deste documento. Para os alumnos que teñen suspensa algunha ou as dúas primeiras avaliacións esas tarefas e seguimento centraranse no repaso e reforzo dos contidos desas dúas avaliacións.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía empregada trata de adaptarse na medida do posible, á establecida na programación anual e as circunstancias persoais do profesorado e do alumnado xa que a impartición dos contidos se pode ver dificultada por razóns técnicas ou de organización no ámbito familiar sendo flexibles en canto a forma ou prazos á hora de realizar ou entregar as tarefas. A maioría dos alumnos da materia dispoñen de ordenadores, tabletas ou móbiles e acceso a Internet, aínda que non todos teñen as prestacións necesarias para obter o máximo rendemento no proceso de aprendizaxe. Algún dos alumnos do centro presentaron problemas para acceder a tarefa on line por non ter equipos informáticos ou acceso a internet polo que dende o propio colexio, servizos sociais do concello, cáritas, Cruz Vermella, ...se lles facilitaron medios para subsanar dentro do posible o problema e facer accesible a documentación ao alumnado e poder facer así seguemento, resolver as dúbidas e a presentación de tarefas encomendadas. No caso de que aparecieran dificultades a maiores o Centro sempre podería imprimir as tarefas ao alumno e que este poida entregalas en man, unha vez realizadas, antes da avaliación final se as condición sanitarias o permitiran. Fomentarase a autoavaliación inicialmente, combinada coa heteroavaliación, para dar unha certa liberdade na adaptación ás novas condicións de traballo e sen impor datas límites nas entregas das tarefas para que os alumnos puideran establecer un ritmo e calendario o máis adaptado ás circunstancias persoais de cada un.
Materiais e recursos	Material en soporte dixital, apuntes en PDF e vídeos explicativos en YouTube (todo elo subministrado a través da plataforma educativa Moodle do Centro), e clases online por videoconferencia (necesarios equipos informáticos con conexión a internet). A maiores: libretas, bolígrafos, material de debuxo, ...para poder facer as tarefas e posteriormente entregalas en formato dixital en Moodle para a súa avaliación, corrección e cualificación.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O Centro Educativo informa cunha circular e a través dos tutores por correo electrónico a todos os pais, e ten tamén a circular visible na web e nas súas redes sociais para que todo o mundo estivese ao tanto de como se ían impartir as clases dende o confinamento. Ademais o claustro de profesores reunímonos semanalmente para informar aos titores do seguimento dos alumnos e, en caso de necesidade contactar con eles ou cos seus pais para preguntar se hai algún problema e tratar de solucionalo se é posible. Tamén os alumnos e os pais están sendo informados puntualmente vía correo electrónico, chamadas telefónicas ou videoconferencias do seguimento e cualificacións das tarefas realizadas, así como da normativa que a Consellería de Educación vai publicando respecto a avaliación para este final de curso.
Publicidade	Na páxina web publicouse a información necesaria ás familias para seguir coas clases dende o confinamento, e nas redes sociais do Centro (Facebook, Twitter e Instagram) estase proporcionando esa información tamén directamente aos alumnos e (as familias por parte dos tutores) vía correo electrónico ou plataforma Moodle. Esta Adaptación Didáctica será publicada e será accesible para todo o alumnado e as súas familias dende a nosa páxina web de Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN
(ATOCHA), BETANZOS
CURSO: 1º BACH
MATERIA: MATEMÁTICAS I
DEPARTAMENTO: CIENCIAS
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (ATOCHA) BETANZOS CURSO: 1º BACH MATERIA: MATEMÁTICAS I
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas	MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). MA1B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. MA1B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas a resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.
B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MA1B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
B2.4. Analizar, representar e resolver problemas formulados en contextos reais, utilizando recursos alxébricos (ecuacións, inecuacións e sistemas) e interpretando criticamente os resultados.	MA1B2.4.2. Resolve problemas nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións (alxébricas e non alxébricas) e inecuacións (primeiro e segundo grao), e interpreta os resultados no contexto do problema.
B3.1. Identificar funcións elementais dadas a través de enunciados, táboas ou expresións alxébricas, que describan unha situación real, e analizar cualitativa e cuantitativamente as súas propiedades, para representalas graficamente e extraer información práctica que axude a interpretar o fenómeno do que se derivan.	MA1B3.1.1. Recoñece analiticamente e graficamente as funcións reais de variable real elementais. MA1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e de maneira razoada eixes, unidades, dominio e escalas, e recoñece e identifica os erros de interpretación derivados dunha mala elección. MA1B3.1.3. Interpreta as propiedades globais e locais das funcións, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados MA1B3.1.4. Extrae e identifica informacións derivadas do estudo e a análise de funcións en contextos reais.
B3.2. Utilizar os conceptos de límite e continuidade dunha función aplicándoos no cálculo de límites e o estudo da continuidade dunha función nun punto ou un intervalo.	MA1B3.2.1. Comprende o concepto de límite, realiza as operacións elementais do seu cálculo, aplica os procesos para resolver indeterminacións e determina a tendencia dunha función a partir do cálculo de límites. MA1B3.2.2. Determina a continuidade da función nun punto a partir do estudo do seu límite e do valor da función, para extraer conclusións en situacións reais. MA1B3.2.3. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade.
B3.4. Estudiar e representar graficamente funcións obtendo información a partir das súas propiedades e extraendo información sobre o seu comportamento local ou global	MA1B3.4.1. Representa graficamente funcións, despois dun estudo completo das súas características mediante as ferramentas básicas da análise.
B4.3. Manexar a operación do produto escalar e as súas consecuencias; entender os conceptos de base ortogonal e ortonormal; e distinguir e manexarse con precisión no plano euclídeo e no plano métrico, utilizando en ambos os casos as súas ferramentas e propiedades	MA1B4.3.1. Define e manexa as operacións básicas con vectores no plano, utiliza a interpretación xeométrica das operacións para resolver problemas xeométricos e emprega con asiduidade as consecuencias da definición de produto escalar para normalizar vectores, calcular o coseno dun ángulo, estudar a ortogonalidade de dous vectores ou a proxección dun vector sobre outro. MA1B4.3.2. Calcula a expresión analítica do produto escalar, do módulo e do coseno do ángulo.
B4.4. Interpretar analiticamente distintas situacións da xeometría plana elemental, obtendo as ecuacións de rectas, e utilízalas para resolver problemas de incidencia e cálculo de distancias	MA1B4.4.1. Calcula distancias entre puntos e dun punto a unha recta, así como ángulos de dúas rectas. MA1B4.4.2. Obtén a ecuación dunha recta nas súas diversas formas, identificando en cada caso os seus elementos característicos. MA1B4.4.3. Recoñece e diferencia analiticamente as posicións relativas das rectas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas derivadas do cambio de ensinanza non presencial neste terceiro trimestre. Daráselle prioridade á avaliación a partir das avaliación anteriores e das actividades desenvolvidas neste terceiro trimestre, atendendo ao seu carácter continuo, de diagnóstico e formativo, centrándose na adquisición das competencias clave e dos contidos máis relevantes desta materia, así como na evolución académica e madurativa demostrada polo alumno. Así, terase en conta a participación dos alumnos na medida do posible nas clases impartidas por vídeo chamada, o interese e a implicación no transcurso das mesmas e o aproveitamento dese recurso, o feedback e a interacción no desenvolvemento das vídeo chamadas. Do mesmo xeito, as tecnoloxías (uso de correo electrónico, chats, ...) tamén serán empregadas para a achega de tarefas e traballos propostos para este período, os cales tamén serán tidos en conta. En ningún caso, o alumnado poderá ver minoradas as cualificacións obtidas nas avaliacións dos dous trimestres anteriores. Por iso no claustro acordamos aplicar a valora de forma obxectiva os seguintes criterios: - Asistencia ás clases por vídeo chamada: actitude, participación, interese, puntualidade, cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas. - Entrega das tarefas en prazo: calquera retraso o alumno teno que comunicar ó titor ou ó profesor correspondente que estudará o caso. - Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo ás indicacións do profesor (contido, presentación, rigor nos resultados, formato de presentación). - Probas on-line que se poidan facer. - Probas presenciais, se é posíbel. Instrumentos: Para avaliar a actividade levada a cabo ao longo de todo este período do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial, terase en conta: - Listas de participación nas clases por vídeo chamada. - Correos electrónicos coa entrega das tarefas - Reflexión persoal, autoevaluación: participación e interacción nas vídeo chamadas - Lista de control coas actividades feitas. - Lista de verificación, tarefas entregadas no tempo establecido - Probas orais - Tamén se poderán utilizar algunhas ferramentas telemáticas.
Cualificación final	Dada a situación na que nos atopamos, a avaliación e cualificación farase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades realizadas dende que se declarou o estado de alarma, e terase en conta a adquisición das competencias clave e dos contidos máis relevantes, así como a evolución académica e madurativa demostrada polo alumno.. Para a nota final da convocatoria ordinaria, terase en conta: 1.- A nota da media aritmética das cualificacións da 1ª e da 2ª avaliación. 2.- A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo feito no 3º trimestre, para o que se terá en conta e se ponderará obxetivamente: ✓ Asistencia a clases por vídeo chamada: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas. ✓ Entrega de tarefas en prazo: calquera retraso ha de ser comunicado ó titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso. ✓ Grao de realización das tarefas: calidade e rigor na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). ✓ Probas telemáticas que se poidan realizar.

	✓ Probas presenciais, en caso de poder facerse. Desta maneira os alumnos poden mellorar a súa nota.
Proba extraordinaria de setembro	O alumno que non alcance os obxectivos e as competencias clave na convocatoria ordinaria terá unha convocatoria extraordinaria en setembro. Para esta proba o referente son as aprendizaxes durante os dous primeiros trimestres. A parte da materia que se imparta no 3º trimestre non entrará na proba extraordinaria.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Serán os mínimos esixibles para o 3º trimestre
	Criterios de cualificación: A alumna que ten a materia pendente do curso anterior entregará as tarefas que lle indicou o profesor, según os procedementos detallados anteriormente.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A alumna participou nas sesións de atención ao alumnado con materias pendentes e tiña un seguimento da materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Estanse a impartir clases por vídeo chamada, no mesmo horario que tiñan os alumnos no 1º e 2º trimestre en clase presencial. Ao longo do 3º trimestre lévanse a cabo actividades de repaso do traballado na 1ª e 2ª avaliación, que á súa vez serven como instrumento de recuperación dos que teñen a materia suspensa. Ademais, tamén se propoñen actividades de ampliación de contenidos pero sobre os estándares recollidos no apartado 1 deste documento. Unhas actividades son propostas polo profesor e outras do libro de texto: Problemas, preguntas abertas, preguntas múltiples...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todos os alumnos que cursan a materia teñen conectividade, e poden traballar cos medios telemáticos: clases con vídeo chamada, correos electrónicos, plataformas, ... Os alumnos poden resolver dúbidas e traballar habitualmente. En algún caso puntual teñen dificultade por ter pouca cobertura para poder conectarse, e noutros casos tamén teñen certa dificultade por ter que traballar na casa varias persoas da familia telemáticamente. As clases por vídeo chamada teñen o mesmo horario que tiñan nas clases presenciais, e a comunicación cos alumnos é cosntante.
Materiais e recursos	Ordenador / tablet / móvil, conexión a internet, libro de texto...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado e ás familias faise mediante correo electrónico, tanto ás familias como aos alumnos, por teléfono nos casos necesarios, tamén a través da páxina web. Os documentos cos acordos son enviados ás familias e aos alumnos por medio do titor.
Publicidade	Será publicada na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º BACHARELATO

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR Plurilingüe Ntra Sra del Carmen CURSO: 1º Bacharelato MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª avaliación

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Describir de forma xeral e esquemática o proceso de nutrición nas plantas.	Describe nun esquema dunha planta os procesos de nutrición, indicando onde ocorre a absorción, transporte, transpiración, fotosíntese e excreción
B5.5. Comprender e diferenciar as fases da fotosíntese e os factores que afectan o proceso.	BXB5.5.1. Detalla os principais feitos que acontecen durante cada fase da fotosíntese e asocia, a nivel de orgánulo, onde se producen.
B5.6. Salientar a importancia biolóxica da fotosíntese.	BXB5.6.1. Argumenta e precisa a importancia da fotosíntese como proceso de biosíntese, imprescindible para o mantemento da vida na Terra.
B5.13. Diferenciar os ciclos biolóxicos de briofitas, pteridofitas e espermafitas,	BXB5.13.2. Interpreta esquemas, debuxos, gráficas e ciclos biolóxicos dos grupos de plantas.
B6.1. Comprender e discriminar os conceptos de nutrición heterótrofa e de alimentación.	BXB6.1.1. Argumenta as diferenzas máis significativas entre os conceptos de nutrición e alimentación.
B6.4. Diferenciar a estrutura e a función dos órganos do aparello dixestivo e as súas glándulas.	BXB6.4.1. Relaciona cada órgano do aparello dixestivo coa súa función.
B6.6. Comprender e describir os conceptos de circulación aberta e pechada, circulación simple e dobre, incompleta ou completa.	BXB6.6.2. Asocia representacións sinxelas do aparello circulatorio co tipo de circulación (simple, dobre, incompleta ou completa).
B6.7. Coñecer e relacionar a composición e a función da linfa.	BXB6.7.1. Indica a composición da linfa e identifica as súas principais funcións.
B6.8. Distinguir respiración celular de respiración (ventilación e intercambio gasoso).	BXB6.8.1. Diferencia respiración celular e respiración, e explica o significado biolóxico de respiración celular.
B6.9. Coñecer e indicar os tipos de aparellos respiratorios en invertebrados e vertebrados.	BXB6.9.1. Asocia os aparellos respiratorios cos grupos aos que pertencen, e recoñéceos en representacións esquemáticas
B6.12. Describir os principais tipos órganos e aparellos excretores nos distintos grupos de animais.	BXB6.12.1. Describe os principais aparellos excretores dos animais e recoñece as súas principais estruturas a partir de representacións esquemáticas.
B6.15. Comprender e describir o funcionamento integrado dos sistemas nervioso e hormonal en animais.	BXB6.15.1. Integra a coordinación nerviosa e hormonal, relacionando ambas as dúas funcións.
B6.24. Definir o concepto de reprodución e diferenciar entre reprodución sexual e asexual. Tipos. Vantaxes e inconvenientes.	BXB6.24.1. Describe as diferenzas entre reprodución asexual e sexual, e argumenta as vantaxes e os inconvenientes de cada unha.
B6.29. Recoñecer e relacionar as adaptacións máis características dos animais aos medios en que habitan.	BXB6.29.1. Identifica as adaptacións animais aos medios aéreos.
	BXB6.29.2. Identifica as adaptacións animais aos medios acuáticos.
	BXB6.29.3. Identifica as adaptacións animais aos medios terrestres.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - Avaliación directa, mediante intercambios orais cos alumnos, durante as videoconferencias. - Análise da tarefa entregada polo alumnado. - Probas específicas orais e escritas. Ademais levaranse a cabo diferentes tipos de autoavaliación e coavaliación. Instrumentos: - Control do seguimento da materia por parte dos alumnos a través das videoconferencias. - Rexistro de entrega das actividades. - Valoración das actividades entregadas. - Rexistro de probas específicas.
Cualificación final	Para a nota final (convocatoria ordinaria), terase en conta: 1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ó longo da 3ª avaliación. Para elo aplicaranse os seguintes criterios: - Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos o material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como el correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado por los tutores a familias y alumnos). 0,5 p - Entrega de tarefas en prazo: calquera retraso ha de ser comunicado ao titor ou ó profesor, que estudará cada caso. 0,5 p - Grado de realización de las tarefas: calidade na resolución de las actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). 0,5 p - Probas on-line que se poidan realizar ou probas presenciais, en caso de poder realizarse. 0,5 p A única alumna que non ten superada a 2ª avaliación, terá que realizar un traballo que contará un 50% e unha proba específica de recuperación, que contará outro 50%, co obxectivo de acadar os estándares mínimos de dita avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	No caso de que a alumna non supere a convocatoria ordinaria terá a oportunidade de facelo na convocatoria extraordinaria de setembro mediante unha proba escrita presencial (ou online de non ser posible).
Alumnado de materia pendente	Non aplica.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- Clases online por videoconferencia. - Seguemento e consulta de dúbidas co profesor mediante correo electrónico ou durante as clases online. - Actividades do libro de texto, esquemas, mapas mentais...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todos os alumnos da materia dispoñen de ordenadores, tabletas ou móbiles e acceso a Internet, aínda que a impartición de contidos pode verse dificultada por razóns técnicas ou de organización no ámbito familiar, polo que se flexibilizará ao máximo a forma ou os prazos á hora de entregar as tarefas. Se algún dos alumnos presentara problemas para acceder á tarefa online por non ter equipos informáticos ou acceso a internet dende o propio colexio ou a través de servizos sociais do concello, cáritas, Cruz Vermella, ... trataríase de subsanar dentro do posible o problema e facer accesible a documentación ao alumnado para poder facer así seguemento, resolver as dúbidas e a presentación. Prestarase especial atención á retroalimentación na aprendizaxe así como á autoavaliación combinada coa heteroavaliación co fin de que o alumnado acade os estándares de aprendizaxe da 3ª avaliación así como o repaso e reforzo dos da 1ª e 2ª avaliación.
Materiais e recursos	- Clases online por videoconferencia, para o que se necesitan ordenadores ou algún dispositivo móbil e conexión a internet. - Libro de texto do alumno. - Material para a realización das tarefas que despois son entregadas a través da plataforma moodle ou do correo electrónico.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Neste caso ao ser un grupo pequeno e impartir as clases por videoconferencia dende o principio, contáctase directamente co alumnado para informalo de todo o referente á materia. No que respecta á información ás familias os profesores cobren unha ficha de seguimento de aula por materia e por semana o que lle aporta unha considerable información ao titor. O claustro de profesores reúnese semanalmente de maneira telemática para aclarar dúbidas, chegar a consensos, avaliar e compartir as formas de traballo e as dificultades que poidan xurdir; así como informar aos titores e tratar casos puntuais. Cando é necesario o profesor aporta ao titor información concreta dun alumno ou alumna en particular, o titor contacta cos alumnos e as familias por correo electrónico, chamada telefónica ou videochamada. Así mesmo o titor fai chegar ás familias e alumnos toda a información de parte da Dirección do centro como a normativa da Consellería de Educación, as normas para a asistencia a videochamadas, os consensos acadados para a 3ª avaliación, as actividades de Pastoral...
Publicidade	Na páxina web e nas redes sociais do Centro publícase a información necesaria ás familias para seguir coas clases dende o confinamento. Esa información proporcionase tamén directamente aos alumnos e (as familias por parte dos titores) vía correo electrónico ou plataforma Moodle.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CULTURA CIENTÍFICA 1º BACHARELATO

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR Plurilingüe Ntra Sra del Carmen CURSO: 1º Bacharelato MATERIA: Cultura Científica
--	---------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B3.4. Tomar conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica.	CCIB3.4.1. Describe o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos.
B3.5. Facer un uso responsable do sistema sanitario e dos medicamentos.	CCIB3.5.1. Xustifica a necesidade de facer un uso racional da sanidade e dos medicamentos.
B3.6. Diferenciar a información procedente de fontes científicas das que proceden de pseudociencias ou que perseguen obxectivos simplemente comerciais.	CCIB3.6.1. Discrimina a información recibida sobre tratamentos médicos e medicamentos en función da fonte consultada.
B5.4. Valorar de forma crítica e fundamentada os cambios que internet está a provocar na sociedade.	CCIB5.4.1. Xustifica o uso das redes sociais, sinalando as vantaxes que ofrecen e os riscos que supoñen.
	CCIB5.4.2. Determina os problemas aos que se enfronta internet e as solucións que se barallan.
	CCIB5.4.3. Utiliza con propiedade conceptos especificamente asociados ao uso de internet.
B5.5. Efectuar valoracións críticas, acerca de problemas relacionados cos delitos informáticos, o acceso a datos persoais e os problemas de socialización ou de excesiva dependencia que pode causar o seu uso.	CCIB5.5.1. Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais.
	CCIB5.5.2. Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante encriptación, contrasinal, etc.
B5.6. Demostrar que se é consciente da importancia das novas tecnoloxías na sociedade actual, mediante a participación en debates, elaboración de redaccións e/ou comentarios de texto.	CCIB5.6.1. Sinala as implicacións sociais do desenvolvemento tecnolóxico, nun momento como o que estamos vivindo.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - Análise da tarefa entregada polo alumnado. Ademais levaranse a cabo diferentes tipos de autoavaliación e coavaliación.
	Instrumentos: - Rexistro de entrega das actividades. - Valoración das actividades entregadas.
Cualificación final	Para a nota final (convocatoria ordinaria), terase en conta: 1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ó longo da 3ª avaliación. Para elo aplicaranse os seguintes criterios: - Entrega de tarefas en prazo: calquera retraso ha de ser comunicado ao titor ou ó profesor, que estudará cada caso. 0,5 p - Grado de realización de las tarefas: calidade na resolución de las actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). 0,75 p - Entrega de traballos: a súa execución ha de seguir los criterios e indicacións do profesor; os traballos han de ser orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (no se valorarán tarefas de “copia-pegar”). 0,75 p
Proba extraordinaria de setembro	Todos os alumnos teñen aprobada a primeira e a segunda avaliación, polo tanto non se da o caso de ter que presentarse á proba extraordinaria de setembro.
Alumnado de materia pendente	Non aplica.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- Seguimento e consulta de dúbidas co profesor mediante correo electrónico ou durante algunha videochamada se fose necesaria. - Traballos específicos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Neste momento todos os alumnos da materia dispoñen de ordenadores, tabletas ou móbiles e acceso a Internet, aínda que a impartición de contidos pode verse dificultada por razóns técnicas ou de organización no ámbito familiar, polo que se flexibilizará ao máximo a forma ou os prazos á hora de entregar as tarefas. Se algún dos alumnos presentou ou pode presentar problemas para acceder á tarefa on line por non ter equipos informáticos ou acceso a internet dende o propio colexio ou a través de servizos sociais do concello, cáritas, Cruz Vermella, ... tratouse e tratarase de subsanar dentro do posible o problema e facer accesible a documentación ao alumnado para poder establecer así seguimento, resolver as dúbidas e a presentación. Prestarase especial atención á retroalimentación na aprendizaxe así como á autoavaliación combinada coa heteroavaliación co fin de que o alumnado acade os estándares de aprendizaxe da 3ª avaliación así como o repaso e reforzo dos da 1ª e 2ª avaliación.
Materiais e recursos	- Ordenadores ou algún dispositivo móbil e conexión a internet. - Libro de texto do alumno. - Material para a realización das tarefas que despois son entregadas a través da plataforma moodle ou do correo electrónico.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Neste caso, contáctase directamente co alumnado para informalo de todo o referente á materia. No que respecta á información ás familias os profesores cobren unha ficha de seguimento de aula por materia e por semana o que lle aporta unha considerable información ao titor. O claustro de profesores reúnese semanalmente de maneira telemática para aclarar dúbidas, chegar a consensos, avaliar e compartir as formas de traballo e as dificultades que poidan xurdir; así como informar aos titores e tratar casos puntuais. Cando é necesario o profesor aporta ao titor información concreta dun alumno ou alumna en particular, o titor contacta cos alumnos e as familias por correo electrónico, chamada telefónica ou videochamada. Así mesmo o titor fai chegar ás familias e alumnos toda a información de parte da Dirección do centro como a normativa da Consellería de Educación, as normas para a asistencia a videochamadas, os consensos acadados para a 3ª avaliación, as actividades de Pastoral...
Publicidade	Na páxina web e nas redes sociais do Centro publícase a información necesaria ás familias para seguir coas clases dende o confinamento. Esa información proporcionase tamén directamente aos alumnos e (as familias por parte dos titores) vía correo electrónico ou plataforma Moodle.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen” (ATOCHA)

CURSO: 1ºBACHILLERATO

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO DE HUMANIDADES

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR Plurilingüe "Nuestra Señora del Carmen" (Atocha) CURSO: 1º BACHILLERATO MATERIA: ECONOMÍA
--	---------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e formación, analizando de xeito especial o desemprego	Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. Valora a relación entre a educación e formación e as probabilidades de obter un emprego e mellores salarios
Diferenciar e manexar as principais magnitudes macroeconómicas e analizar as relacións existentes entre elas, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.	Valora, interpreta e comprende as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.
Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.	Relaciona as principais macromagnitudes e as utiliza para establecer comparacións con carácter global. Analiza de xeito crítico os indicadores estudados valorando o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.
Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e inconvenientes do seu papel na actividade económica.	Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e efectos para os axentes intervinentes na economía e as diferentes opcións de actuación por parte do Estado.
Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, medio-ambiente e a distribución da riqueza a escala local e mundial.	Identifica e analiza os factores e variables que inflúen no crecemento económico, o desenvolvemento e a redistribución da renta.
Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e inconvenientes do seu papel na actividade económica.	Identificar os principais ingresos e gastos públicos que ten o Sector Público.
Describir as distintas teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os consumidores, as empresas e o conxunto da economía.	Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.
Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o medio ambiente e a distribución da riqueza a escala local e mundial.	Reflexiona sobre os problemas do medio ambiente e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sostible. Desenvolve actitudes positivas en relación co medio ambiente, valora e considera esta variable na toma de decisións económicas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 5	CENTRO: CPR Plurilingüe "Nuestra Señora del Carmen" (Atocha) CURSO: 1º BACHILLERATO MATERIA: ECONOMÍA
---	---------------	---

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Continuarase realizando actividades de reforzo, afianzando a adquisición de competencias clave e contidos máis relevantes da materia, impartidos no 1er y 2º trimestre. As actividades que se veñen realizando dende o principio do Estado de Alarma están sendo rexistradas e valoradas para favorecer a avaliación do alumnado.
	Instrumentos: 1. Asistencia a clases por videoconferencia (poderá sumar ata un máximo de un 0,5 puntos): atitude, interese, participación, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas. 2. Entrega de tarefas en prazo (poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos): calquer retraso se comunicará o titor ou profesor correspondente, que estudiará cada caso. 3. Grado de realización das tarefas (poderá sumar ata un máximo de 1 punto): terase en conta a calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contenido, presentación, formato,...). Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias: - Comunicación lingüística (CCL). - Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT). - Competencia dixital (CD). - Aprender a aprender (CPAA). - Competencias sociais e cívicas (CSC). - Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE). - Conciencia e expresións culturais (CEC).
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: 1. A media das calificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media se poderá sumar a calificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado durante a 3ª avaliación. Para elo, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de maneira obxectiva, son os indicados anteriormente nos instrumentos de avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	Dependendo de si no mes de setembro podemos incorporarnos ou non ás clases presenciais a proba será un examen presencial que conste dos diferentes contidos que se traballaron durante o curso e se non podemos incorporarnos vía telemática realizarase unha proba.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: non aplica
	Criterios de cualificación: non aplica
	Procedementos e instrumentos de avaliación: non aplica

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades prácticas para valorar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo, esquemas sobre as diferentes formas de calcular o PIB e exercicios prácticos con exemplos para diferenciar o PIB do PNB, batería de preguntas de vídeos para reflexionar sobre os indicadores estudados valorando o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida, exercicios prácticos para identificar os fallos de mercado, exercicios de investigación sobre o índice de Gini o seu significado e a súa interpretación, batería de preguntas sobre vídeos explicativos para saber identificar os principais ingresos e gastos públicos que ten o Sector Público, lectura de artigos para analizar qué é a inflación, as causas e a repercusión económica, lectura de artigos para fomentar a reflexión sobre os problemas do medio ambiente e a súa relación co impacto económico internacional e posibles medidas a adoptar.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Se utilizarán as plataformas online Cisco Webex e moodle, e no caso de que non haxa conectividade enviaranse as tarefas por correo electrónico. No caso da miña materia non temos problemas de conectividade posto que os casos que si a tiñan solventáronse por medio da dirección do centro ou do concello
Materiais e recursos	Manual de texto do alumno “Economía 1º de Bachillerato” da Editorial SM, que contén materiais dixitais con recursos para actividades de consolidación e afondamento. Ordenadores, tablets e teléfonos móbiles Outros materiais audiovisuais: vídeos explicativos de páxinas web como finanzas para todos ou <i>finanzas para mortales, flipped EIE</i> . Artigos de prensa económica.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que se empregará para informar e impartir clase online ao alumnado será por videoconferencias mediante a aplicación Cisco Webex, moodle para a retroalimentación das actividades e a través do titor as familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (ATOCHA) BETANZOS
CURSO: 1º BACH
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO:
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
UNIDADE 3: EXERCICIO FÍSICO E A SOCIEDADE ACTUAL	
B2.1. Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis apropiadas á intencionalidade da composición.	EFB2.1.3. Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo.
B3.2. Planificar, elaborar e pór en práctica un programa persoal de actividade física que incida na mellora e no mantemento da saúde, aplicando os sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas.	EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais.
B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.	EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos:</u> No terceiro trimestre reforzase especialmente o currículo da 1ª e 2ª Avaliación, a través de tarefas de repaso e ampliación dos contidos traballados nos dous primeiros trimestres, así como na superación da materia suspensa das avaliacións citadas a través de traballos, e na consecución das competencias clave. <u>Instrumentos: (0-2 puntos)</u> • Nesta terceira avaliacion utilizaranse os seguintes instrumentos, parao calculo da cualificacion: • Entrega de tarefas en prazo: a non presentación dos traballos en data, será comunicada ao titor ou profesor correspondente, que analizará cada caso e tomará as decisións pertinentes. 0,5p • Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación,...). 0,5p • Ampliación dos contidos relacionados co tema a traballar, de forma ordeada e correcta, consultando diversas fontes así coma utilizando unha linguaxe propia e axeitada a temática.0,5p • Coidado do aspecto formal do traballo (portada, índice, webgrafía, bibliografía). 0,5p
Cualificación final	Para a nota final (convocatoria ordinaria), en cada materia terase en conta: 1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. 2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. Para iso, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de maneira obxectiva, son os seguintes: ✓ Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado polos titores a familias e alumnos). ✓ Entrega de tarefas en prazo: calquera atraso ha de ser comunicado ao titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso. ✓ Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). ✓ Entrega de traballos: a súa execución ha de seguir os criterios

	e indicacións do profesorado; os traballos han de ser orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de “copia-pega”). ✓ Probas on- line que se poidan realizar. Probas presenciais, en caso de poder realizarse. Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias: ✓ Comunicación lingüística (CCL). ✓ Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT). ✓ Competencia dixital (CD). ✓ Aprender a aprender (CPAA). ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC). ✓ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE). ✓ Conciencia e expresións culturais (CEC). Os alumnos que non superasen algunha/ s materia/ s na 1ª ou na 2ª avaliación, ou en ambas, deberán realizar as tarefas específicas de recuperación que lles asigne o profesorado, co obxectivo de reforzar e alcanzar os estándares mínimos, respectando os criterios citados anteriormente, a través de actividades, traballos e probas específicas que indique o profesor/a de cada materia.
Proba extraordinaria de setembro	No caso de que o alumno/a non supere na convocatoria ordinaria algunha das materias, terá a oportunidade de facelo na convocatoria extraordinaria de setembro de 2020.
Alumnado de materia pendente	<u>Criterios de avaliación:</u> O alumnado que teña materias pendentes do curso anterior realizará e entregará as tarefas e traballos que lle indique o profesor/a correspondente, segundo os procedementos acordados e detallados anteriormente e poderá convocarse a probas por videoconferencia ou, se é posible, presenciais. <u>Criterios de cualificación:</u> Seguiranse os procedementos acordados e citados anteriormente. <u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> Seguiranse os procedementos acordados e citados anteriormente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades de reforzo e de repaso, e de ampliación dos contidos traballados, así como dos novos contidos (apuntes da materia non avaliados).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Os alumn@s son informados, a través do correo electrónico sobre as tarefas e traballos que teñen que realizar, (vía TITOR). Unha das tarefas é a de analizar unha ficha específica da materia da terceira avaliación, do imprescindible a coñecer, así coma a realización dun traballo de ampliación dos contidos impartidos nas primeiras avaliacións. Para os casos nos que había algún alumno con problemas de conectividade, tanto dende o noso Colexio, coma do Concello e Caritas, colaboraron, para que éste non fose un motivo de desigualdade académica, facilitando en todo momento os recursos que cada quen posúe, para poñelos o alcance dos rapaces.
Materiais e recursos	✓ -Diferentes páxinas de Internet con contidos relacionados ca materia. ✓ -Posibilidade dalgunha videoconferencia para a explicación dalgúns dos traballos. ✓ -Apuntes das diferentes avaliacións. ✓ -Correo electrónico do profesor da materia, como canal para a búsqueda de solución ante posibles dificultades.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Para achegar a información os alumnos, o facemos a través da figura do tit@r, a través do seu correo electrónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 5	PR PLURILINGUE NUESTRA SENORA DEL CARMEN (ATOCHA) BETANZOS URSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
--	---------------	--

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR NTRA SEÑORA DEL
CARMEN
CURSO: 1º BAC
MATERIA: FILOSOFÍA
DEPARTAMENTO: HUMANIDADES

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3-2. Explicar e reflexionar sobre o problema de acceso á verdade, identificando as problemáticas e as posturas filosóficas que xurdiron ao redor do seu estudo.	B3-2.1. Coñece e explica diferentes teorías achega do coñecemento e a verdade como son o idealismo, o realismo, o racionalismo, o empirismo, o perspectivismo, o consenso ou o escepticismo, contrastando semellanzas e diferenzas entre os conceptos crave que manexan. B3-2.2. Explica e contrasta diferentes criterios e teorías sobre a verdade tanto no plano metafísico como no gnoseolóxico, utilizando con rigor termos como gnoseoloxía, razón, sentidos, abstracción, obxectividade, certeza, dúbida, evidencia, escepticismo, autoridade, probabilidade, prexuízo, coherencia ou adecuación, consenso, incerteza, interese e irracional entre outros, construíndo un glosario de conceptos de forma colaborativa, usando Internet.
▪ B3-3. Analizar de forma crítica, fragmentos de textos significativos sobre a análise filosófica do coñecemento humano, os seus elementos, posibilidades e os seus límites, valorando os esforzos da filosofía por lograr unha aproximación á verdade afastándose do dogmatismo, a arbitrariedade e os prexuízo	B3-3.1. Analiza fragmentos de textos breves de Descartes, Hume, Kant, Nietzsche, Ortega, entre outros.
▪ B5-1. Recoñecer en que consiste a antropoloxía filosófica.	B5-1.1. Utiliza con rigor vocabulario específico da temática como evolución, dialéctica, proceso, progreso, emerxencia, azar, selección natural, apto reduccionismo, creacionismo, evolución cultural, vitalismo, determinismo xenético, natureza, cultura.
▪ B5-2. Coñecer e explicar as implicacións filosóficas da evolución, relacionando con contidos metafísicos e pensadores xa estudados.	▪ B5-2.1. Coñece e explica as consideracións filosóficas implicadas na teoría da evolución como a consideración dinámica e dialéctica da vida ou o indeterminismo, entre outras.
▪ B5-3. Recoñecer e reflexionar de forma argumentada, sobre a interacción dialéctica entre o compoñente natural e o cultural que caracterizan ao ser humano en canto tal, sendo o culturalmente adquirido, condición para a innovación e creatividade que caracterizan á especie humana.	▪ B5-3.1. Identifica e expón en que consiste o compoñente natural innato do ser humano e a súa relación cos elementos culturais que xorden nos procesos de antropoxénese e humanización, dando lugar a identidade propia do ser humano. ▪ B5-3.3. Localiza información en Internet acerca das investigacións actuais sobre a evolución humana, e reflicte a información seleccionada e sistematizada de forma colaborativa.

▪ B5-6. Comparar a visión filosófica occidental do ser humano coa visión filosófica oriental, budismo, taoísmo e hinduísmo, argumentando as propias opinións sobre as semellanzas e diferenzas.	B5-6.1. Coñece e explica as principais concepcións filosóficas que, sobre o ser humano, déronse historicamente, no contexto da filosofía occidental.
B6-1. Identificar a especificidade da razón na súa dimensión práctica, en tanto que orientadora da acción humana.	B6-1.1. Recoñece a función da racionalidade práctica para dirixir a acción humana, aínda que, recoñecendo os seus vínculos ineludibles coa razón teórica e a intelixencia emocional.
B6-3. Coñecer e explicar as principais teorías éticas sobre a xustiza e a felicidade e sobre o desenvolvemento moral.	B6-3.3. Analiza textos breves dalgúns dos filósofos representantes das principais teorizacións éticas e sobre o desenvolvemento psicolóxico moral do individuo. B6-3.4. Utiliza con rigor termos como ética, moral, acción moral, autonomía, responsabilidade, convención moral, madurez moral, virtude moral, subxectivismo, relativismo e universalismo moral, utilitarismo, deber moral, ética de máximos, ética de mínimos, consenso, xustiza, eudemonismo, hedonismo, emotivismo e utilitarismo. B6-3.2. Expresa de forma crítica as argumentacións das principais teorías éticas sobre a Xustiza, razoando as súas propias ideas e achegando exemplos do seu cumprimento ou non.
B6-2. Recoñecer el obxecto e función da Ética.	B6-2.1. Explica e razoa o obxecto e a función da Ética.
B6-4. Explicar a función, características e principais interrogantes da Filosofía política, como a orixe e lexitimidade do Estado, relaciónelas individuo-Estado ou a natureza das leis.	B6-4.1. Identifica a función, características e principais interrogantes da Filosofía política. B6-4.2. Utiliza con rigor conceptos como democracia, Estado, xustiza, Dereito, dereitos naturais, Estado democrático e de dereito, legalidade, lexitimidade, convención, contractualismo, alienación, ideoloxía, utopía, entre outros conceptos crave da filosofía política.
B6-5. Coñecer as principais teorías e conceptos filosóficos que estiveron á base da construción da idea de Estado e das súas funcións, apreciando o papel da filosofía como reflexión crítica.	B6-5.1. Explica de forma coherente as formulacións filosófico-políticas de Platón, os sofistas, Maquiavelo, Locke, Montesquieu, Rousseau, Hobbes, Kant, John Stuart Mill, Popper ou Habermas, entre outros. B6-5.2. Analiza e reflexiona sobre a relación individuo-Estado, sobre a base do pensamento dos sofistas, Marx e a Escola de Frankfurt.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos de avaliación:

- Observación sistemática a través de táboas de rexistro e listas de cotexo da asistencia ás videoconferencias.
- Recollida e valoración da manifestacións por escrito do alumnado, principalmente comentarios de texto e corrección seguindo unha rubrica.
- Recollida dos resultados das probas obxectivas, tipo test ou cuestionarios realizados nas seguintes plataformas.

Instrumentos: Nesta terceira avaliación utilizaranse os seguintes instrumentos, para ó cálculo da cualificación:

- Entrega de tarefas en prazo: calquera atraso será comunicado ao titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso.
- Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado polos titores a familias e alumnos).
- Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...).
- Realización das Probas Online que se poidan realizar.
- Probas presenciais, en caso de poder realizarse.
Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:
 1. Comunicación lingüística (CCL).
 2. Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT).
 3. Competencia dixital (CD).
 4. Aprender a aprender (CPAA).
 5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

	6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE). 7. Conciencia e expresións culturais (CEC).
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Para a nota final (convocatoria ordinaria), en cada materia terase en conta: 1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación, obtida sobre a nota sen redondeo. 2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. (Ver apartado de avaliación)
Proba extraordinaria de setembro	Proba teórico-práctica con contidos da 1º e 2º avaliación. O modelo de exame, estará formado por un único exame, con 4 preguntas de cada unha das avaliacións máis un comentario de texto, as preguntas terán a cualificación de 1 punto e o comentario de texto coa cualificación de 2 puntos. No caso de que o alumno teñan só unha das avaliacións suspensas, poderase examinar só desa avaliación. O modelo será similar en forma con 7 preguntas da avaliación suspensa cunha puntuación máxima de 1 punto e un comentario de texto coa puntuación de 3 puntos.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: 1. Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade. 2. Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes. 3. Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade e caracterizar a especificidade do saber filosófico contrastándoo con outros saberes -en especial co científico.

4. Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.

5. Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.

6. Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas as aspiracións.

7. Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.

8. Comprender e valorar as raíces éticas da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levanten.

9. Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.

10. Obter información por diversos medios sobre problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas pola filosofía verbo dos citados problemas.

11. Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.

12. Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no currículo, así como elaborar composicións e traballos escritos sobre elas.

	13. Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación das nocións e conceptos que se van adquirindo ao contorno. 14. Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas. 15. Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual. 16. Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais.
	Criterios de cualificación: A cualificación do alumno resultará de aplicar un 60% ós traballos (tendo en conta a dilixencia, esforzo e interese persoal, a presentación puntual e a elaboración correcta das fichas de tarefas, xunto a la asistencia e aplicación nas sesións concertadas co alumno) e un 40% ós controis escritos. (Presenciais ou Online)
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A realización de dúas probas escritas presenciais ou Online, similares en estrutura á da convocatoria de setembro, 7 preguntas (1 punto cada unha) e un comentario de texto (3 puntos).

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividade

Actividades de repaso, especialmente comentarios de textos, para o acceso ós documentos, a súa entrega e o seguimento da avaliación, utilizarase a plataforma:

<http://moodle.atochabetanzos.com/> (Comentarios de texto, cuestións teóricas e cuestionarios)

Para outras probas Online ou tarefas encomendadas, as seguintes plataformas:

<https://quizizz.com/> (Tareas asignadas)

<https://es.educaplay.com/> (Retos) [<https://game.educaplay.com/>]

Utilizarase tamén o correo electrónico, para aqueles alumnos con maiores dificultades para usar as plataformas dixitais, tanto para o envío das tarefas como para as correccións.

Realízanse videoconferencias semanais: Os alumnos deberán asistir regularmente, realizar as actividades e presentar todas aquelas dúbidas que se lles presentan. Estas resolveranse inmediatamente, por parte do profesor.

Tentamos utilizar os principios metodolóxicos que favorecen á relación das actividades de ensino e aprendizaxe coa vida real:

- Favorecer a interacción alumno - profesor e alumno – alumno.
- Potenciar o interese espontáneo dos alumnos no coñecemento.
- Atender a situación particular de cada alumno.
- Diseñar actividades encamiñadas a facilitar a: Participación, cooperación, respecto, responsabilidade e liberdade.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e

Os titores contactaron co alumnado que non dispoñía de medios de conexión, grazas ó Concello de Betanzos, solicitouse unha conexión 4G, polo que agora, tódolos alumnos dispoñen de dispositivos con conexión a Internet e teñen a súa disposición

sen conectividad)	redes Lan, Wi-Fi ou 4G. Os alumnos teñen dúas sesións semanais por videoconferencia, unha centrada na explicación da tarefa para a seguinte semana e outra, máis de repaso de contidos da 1ª e 2ª avaliación. As tarefas ofrécense, a través do Moodle e entréganse nesta plataforma: moodle.atochabetanzos.com As correccións pódense entregar a través do moodle, notificando a plataforma por correo electrónico a inserción de comentarios e de avaliación das tarefas, pero tamén directamente de maneira personalizada a través do correo electrónico, remitindo por este medio, as pertinentes correccións.
Materiais e recursos	-Comentarios de textos - Vídeos - Apuntamentos en formato pdf, ppt, odt, odp... - Test de reposta múltiple. - Pasapalabra - Esquemas en formato imaxe. ..

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. 1- A través do titor 2- Se o titor o considera por correo electrónico coa familia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen”
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: Física e Química
DEPARTAMENTO: Ciencias
DATA: 12-05-2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica: formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais, analizar os resultados e realizar experiencias	- FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados. - FQB1.1.3. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico. - FQB1.1.4. Distingue magnitudes escalares e vectoriais, e opera adecuadamente con elas.	- CAA - CMCCT - CSIEE
B1.2. Utilizar e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación no estudo dos fenómenos físicos e químicos.	FQB1.2.1. Emprega aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil realización no laboratorio.	- CD - CMCCT
B2.1. Explicar a teoría atómica de Dalton e as leis básicas asociadas ao seu establecemento.	FQB2.1.1. Xustifica a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícaa con reaccións.	CMCCT
B2.2. Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre a presión, o volume e a temperatura.	- FQB2.2.1. Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais. - FQB2.2.2. Explica razoadamente a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.	CMCCT
B2.3. Aplicar a ecuación dos gases ideais para calcular masas moleculares e determinar fórmulas moleculares.	FQB2.3.1. Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.	CMCCT
	FQB2.3.2. Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	CMCCT
B2.4. Realizar os cálculos necesarios para a preparación de disolucións dunha concentración dada, expresala en calquera das formas establecidas, e levar a cabo a súa preparación.	FQB2.4.1. Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.	CMCCT
B3.1. Formular e nomear correctamente as substancias que interveñen nunha reacción química dada, e levar a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	FQB3.1.1. Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.	- CMCCT - CSIEE
B3.2. Interpretar as reaccións químicas e resolver problemas nos que interveñan reactivos limitantes e reactivos impuros, e cuxo rendemento non sexa completo.	- FQB3.2.1. Interpreta unha ecuación química en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela. - FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións. - FQB3.2.3. Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro. - FQB3.2.4. Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.	CMCCT
B4.1. Interpretar o primeiro principio da termodinámica como o principio de conservación da enerxía en sistemas nos que se producen intercambios de calor e traballo.	FQB4.1.1. Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.	CMCCT
B4.2. Recoñecer a unidade da calor no Sistema Internacional e o seu equivalente mecánico.	FQB4.2.1. Explica razoadamente o procedemento para determinar o equivalente mecánico da calor tomando como referente aplicacións virtuais interactivas asociadas ao experimento de Joule.	CMCCT

• B4.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.	• FQB4.3.1. Expresa as reaccións mediante ecuacións termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados.	• CMCCT
• B4.4. Describir as posibles formas de calcular a entalpía dunha reacción química.	• FQB4.4.1. Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.	• CMCCT
• B4.5. Dar resposta a cuestións conceptuais sinxelas sobre o segundo principio da termodinámica en relación aos procesos espontáneos.	• FQB4.5.1. Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo da molecularidade e do estado dos compostos que interveñen.	• CMCCT
• B4.6. Predicir, de forma cualitativa e cuantitativa, a espontaneidade dun proceso químico en determinadas condicións a partir da enerxía de Gibbs.	• FQB4.6.1. Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa sobre a espontaneidade dunha reacción química.	• CMCCT
	• FQB4.6.2. Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, entrópicos e da temperatura.	• CMCCT
• B5.1. Recoñecer hidrocarburos saturados e insaturados e aromáticos, relacionándoos con compostos de interese biolóxico e industrial.	• FQB5.1.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.	• CMCCT
• B5.2. Identificar compostos orgánicos que conteñan funcións osixenadas e nitroxenadas.	• FQB5.2.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.	• CMCCT
• B5.3. Representar os tipos de isomería.	• FQB5.3.1. Representa os isómeros dun composto orgánico.	• CMCCT
• B6.1. Distinguir entre sistemas de referencia inerciais e non inerciais.	• FQB6.1.1. Analiza o movemento dun corpo en situacións cotiás razoando se o sistema de referencia elixido é inercial ou non inercial.	• CMCCT
	• FQB6.1.2. Xustifica a viabilidade dun experimento que distinga se un sistema de referencia se acha en repouso ou se move con velocidade constante.	• CMCCT
• B6.2. Representar graficamente as magnitudes vectoriais que describen o movementos nun sistema de referencia adecuado.	• FQB6.2.1. Describe o movemento dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.	• CMCCT
• B6.3. Recoñecer as ecuacións dos movementos rectilíneo e circular, e aplicalas a situacións concretas.	• FQB6.3.1. Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo. • FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA). • FQB6.3.3. Realiza e describe experiencias que permitan analizar os movementos rectilíneo ou circular, e determina as magnitudes involucradas.	• CMCCT
• B6.4. Interpretar representacións gráficas dos movementos rectilíneo e circular.	• FQB6.4.1. Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.	• CMCCT
• B6.5. Determinar velocidades e aceleracións instantáneas a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.	• FQB6.5.1. Formulado un suposto, identifica o tipo ou os tipos de movementos implicados, e aplica as ecuacións da cinemática para realizar predicións acerca da posición e a velocidade do móbil.	• CMCCT
• B6.6. Describir o movemento circular uniformemente acelerado e expresar a aceleración en función das súas compoñentes intrínsecas.	• FQB6.6.1. Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.	• CMCCT

• B6.7. Relacionar nun movemento circular as magnitudes angulares coas lineais.	• FQB6.7.1. Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.	• CMCCT
• B6.8. Identificar o movemento non circular dun móbil nun plano como a composición de dous movementos unidimensionais rectilíneo uniforme (MRU) e/ou rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).	• FQB6.8.1. Recoñece movementos compostos, establece as ecuacións que os describen, e calcula o valor de magnitudes tales como alcance e altura máxima, así como valores instantáneos de posición, velocidade e aceleración. • FQB6.8.2. Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndoos en dous movementos rectilíneos. • FQB6.8.3. Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.	• CMCCT • CD

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - Actitude e comportamento: asistencia ás clases online (xustificando a non asistencia) coas tarefas encomendadas e o material (caderno, bolígrafo, calculadora) axeitado. - Producións do alumnado: realización e entrega por parte do alumnado das tarefas propostas - Probas específicas: no caso de alumnos coa primeira e/ou segunda avaliación suspensas. Estas probas consistirán na realización de tarefas online, por parte do alumnado suspenso, relativas a ditas avaliacións coa cámara aberta.
	Instrumentos: Rexistro das producións do alumnado en relación aos estándares de aprendizaxe.
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: Farase a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. Para iso, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de xeito obxectivo, son os seguintes: ✓ Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (os titores enviaron un documento coas mesmas ás familias e alumnado). ✓ Entrega de tarefas en prazo: os retrasos han de ser comunicados ó titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso. ✓ Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesorado (contido, presentación, formato,...). ✓ Entrega de traballos: a súa realización debe de seguir os criterios e indicacións do profesorado; os traballos serán orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de "copia-pegar"). ✓ Probas on-line que se poidan realizar. ✓ Probas presenciais, en caso de poder realizarse.
